

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES MUGARDOS  
CURSO: 1º FPB  
MATERIA: CIENCIAS APLICADAS I  
DEPARTAMENTO: MATEMÁTICAS  
DATA: 8 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe imprescindible
CA1.1 Identificáronse os tipos de números e utilizáronse para interpretar adecuadamente a información cuantitativa .	1.1 Diferencia os números naturais e enteiros 1.2 Representaos na recta real
CA1.2 Realizáronse cálculos con eficacia mediante cálculo mental ou mediante algoritmos de lapis e calculadora.	2.1 Opera correctamente con números enteiros tendo en conta a xerarquía das operacións. 3.1 Descompón un número en factores primos . 3.2 Calcula o máximo común divisor e o mínimo común múltiplo asociado a problemas . 1.1 Realiza operacións combinadas nas que interveñan fraccións. 2.1 Opera con números decimais e fraccións.
CA1.4 Operouse con potencias de expoñente natural e enteiro aplicando as propiedades.	1.1 Opera con potencias de expoñente natural e enteiro aplicando as propiedades das potencias .
CA1.5 Utilizouse a notación científica para representar números moi grandes ou moi pequenos e operar con eles .	2.1 Sabe utilizar a notación científica para representar números moi grandes ou moi pequenos e operar con eles.
CA1.7 Caracterizouse a proporción como expresión matemática.	1.1 Caracteriza a proporción como expresión matemática .
CA1.8 Comparáronse magnitudes establecendo o seu tipo de proporcionalidade.	2.1 Compara magnitudes establecendo o seu tipo de proporcionalidade .
CA1.9 Utilizouse a regra de tres para resolver problemas nos que interveñen magnitudes directamente e inversamente proporcionais.	3.1 Usa a regra de tres para resolver problemas nos que interveñen magnitudes directa e inversamente proporcionais .
CA1.10 Aplícase o xuro simple e composto en actividades cotiás	4.1 Aplica o xuro simple e composto en actividades cotiás.
CA3.2 Practicáronse os cambios de unidades de lonxitude, masa e capacidade.	2.1 Practica os cambios de unidades de lonxitude, masa e capacidade.
CA3.3 Identificouse a equivalencia entre unidades de volume e capacidade.	3.1 Identifica a equivalencia entre unidades de volume e de capacidade.
CA9.3 Resolvéronse problemas da vida cotiá en que cumpra a formulación e a resolución de ecuacións de primeiro grao.	1.1 Concreta propiedades ou relacións de situacións sinxelas mediante relacións alxébricas . 2.1 Simplifica expresións alxébricas sinxelas usando métodos de desenvolvemento e factorización .

	<p>1.1 Resolve problemas da vida cotiá en que cumpra a formulación e resolución de ecuacións de primeiro grao.</p> <p>1.2 Resolve problemas sinxelos usando métodos gráficos.</p>
CA3.1 Describíronse as propiedades da materia.	1.1 Describe as propiedades da materia .
CA3.5 Identificouse a denominación dos cambios de estado da materia .	<p>2.1 Identifica os estados de agregación nos que se presenta a materia e usar modelos cinéticos para explicar os cambios de estado.</p> <p>2.2 Identifica sistemas materiais en relación co seu estado na natureza .</p> <p>3.1 Identifica a denominación dos cambios de estado na materia .</p> <p>3.2 Identifica os estados de agregación nos que se presenta a materia e usa modelos cinéticos para explicar os cambios de estado .</p>
CA3.6 Identificáronse, con exemplos sinxelos, diferentes sistemas materiais homoxéneos e heteroxéneos .	4.1 Identifica sistemas materiais homoxéneos e heteroxéneos .
CA4.2 Establecéronse as diferenzas fundamentais entre mesturas e compostos .	5.1 Establece as diferencias entre substancias puras e compostas .
CA4.3 Discrimináronse os procesos físicos e químicos	6.1 Discrimina os procesos físicos e químicos
CA4.4 Seleccionáronse, dunha listaxe de substancias, as mesturas, os compostos e os elementos químicos	5.2 Selecciona, dunha listaxe de substancias, as mesturas, os compostos e os elementos químicos.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b> Entrega de traballos por diferentes medios, según posibilidades de cada alumno/a.</p>
	<p><b>Instrumentos:</b> Diferentes tipos de actividades sobre os contidos da 1ª e 2ª avaliacións: verdadeiro/falso, cálculos varios, preguntas teóricas, resolución de problemas... Comunicación do alumnado das respostas ás actividades que se lle propoñen.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>1. Polo carácter de avaliación continua das materias do Departamento de Matemáticas, no caso de que un alumno ou alumna teña superada a 2ª Avaliación, terá superada a materia na avaliación ordinaria. A cualificación obterase coa media ponderada das cualificacións da 1ª e 2ª Avaliación á que podería engadirse ata 3 puntos segundo a valoración do profesorado do traballo persoal realizado polo alumno ou alumna no período de confinamento (*).</p> <p>A media ponderada das cualificacións das dúas avaliacións farase cos seguintes “pesos” (porcentaxes): 1ª Avaliación: 40%, 2ª Avaliación: 60%.. No caso de ter superada a segunda avaliación, se a media ponderada non acadada o 5, a cualificación será de 5.</p> <p>2.- No caso do alumnado que non teña superada a 2ª Avaliación ou no caso de que a media ponderada das dúas primeiras avaliacións, segundo se expresou anteriormente, non sexa igual ou superior a 5, deberá seguir un plan de reforzo, repaso e recuperación que lle permita a superación da materia. A cualificación da avaliación ordinaria neste caso será a valoración do profesorado do traballo persoal realizado polo alumno ou alumna no período de confinamento (*). Si non acadada os mínimos esixibles, de ser posible, ao remate da terceira avaliación daráselle a posibilidade de superar a materia cunha proba global presencial de toda a materia.</p> <p>(*). O traballo persoal realizado polo alumno ou alumna no período de confinamento, consistirá na resposta ás propostas de traballo que o profesorado lle traslade, usándose para este intercambio algúns dos medios dispoñibles: plataforma Edixgal, Abalar, classroom, correo electrónico, whatsapp, teléfono, correo ordinario ou calquera outra que se estime oportuna. O profesorado terá que ter constancia de que o alumnado recibe a información e o alumnado deberá recibir do profesorado a constancia da recepción das actividades. No caso de que exista algún problema no fluxo da información entre alumnado e profesorado, deberá poñerse en coñecemento do profesorado titor, da familia -se o alumnado é menor de idade- e de xefatura de estudos.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Se un alumno ou alumna non supera a materia na avaliación ordinaria, na avaliación extraordinaria realizará unha proba global da materia, cos medios que estean dispoñibles, que será cualificada de 0 a 10 puntos e tratará acerca dos contidos vistos antes do período de confinamento. Para</p>

	obter o aprobado é necesario acadar a cualificación de cinco puntos.
<b>Avaliación de materia pendentes</b>	<b>Criterios de avaliación:</b> NESTA MATERIA NON HAI PENDENTES
	<b>Criterios de cualificación:</b> NESTA MATERIA NON HAI PENDENTES
	<b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b> NESTA MATERIA NON HAI PENDENTES

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p><b>Ata o día 20 de abril Ampliación:</b> realización de actividades das Unidades 9,10 e 11.</p> <p><b>A partir do 20 de abril:</b></p> <p><b>Recuperación, repaso e reforzo da 1ª e 2ª Avaliacións</b></p> <p><b><u>Alumnado con conectividade:</u></b> Realización de actividades na páxina THATQUIZ dos contidos dados durante a 1ª e 2ª Avaliacións.</p> <p><b><u>Alumnado sen conectividade:</u></b> Realización das actividades dos apuntes dados durante a 1ª e 2ª Avaliacións ao alumnado na clase.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<p><b><u>Alumnado con conectividade:</u></b> (apuntes do profesor e vídeos explicativos de internet). Videoconferencia a petición do alumnado, correo electrónico e wassap.</p> <p><b><u>Alumnado sen conectividade:</u></b> apuntes do profesor e explicacións por wassap ou teléfono según necesidades de cada alumna/o</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Apuntamentos proporcionados polo profesor.</li> <li>• Medios dixitais: calculadora, ordenador,...</li> <li>• páxina web: <a href="http://www.thatquiz.org/es">www.thatquiz.org/es</a></li> </ul>

### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <p>O alumnado será informado polos medios necesarios en cada circunstancia particula de cada alumna/o según dispoña de ordedador, conexión a internet e teléfono.</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1) pola páxina web do centro</li> <li>2) por correo electrónico</li> <li>3) por wassap</li> </ol>
--	---

	4) por teléfono
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.